



EDITA: CONCELLO DE NARÓN  
DESEÑO E CONTIDOS: ATALAYA SOCIAL  
MAQUETACIÓN: BRUNO L. TEIXEIRO

DEPOSITO LEGAL: C. 121-2019

E TI...DE QUE PAU VAS?

#ETIDQPV?

XOGO-GUÍA SEXUALIDADE PARA A MOXIDADE

Tes nas túas mans un xogo de cartas chamado "*E ti...de que pau vas?*", que á súa vez é unha guía informativa sobre afectividade e sexualidade. Pódese usar para informarse e aprender sobre conceptos e ideas acerca das diversas sexualidades (onde poderán verse reflectidas moitas persoas) e por outro, empregar a baralla para xogar aos diferentes xogos de cartas habituais (escoba, brisca, seises, chinchón, memori...ou calquera que saibades ou inventedes) pero coa temática afectivo-sexual moi presente como pano de fondo (permitíndovos así falar do tema, facervos preguntas, crear debate, cuestionar mitos, ampliar información, etc.).

A guía-xogo consta de 40 cartas (10 por cada un dos catro paus- do 1 ao 7 e 10-11-12) con representacións, debuxos, palabras e preguntas sobre o tema; obsérvaas con

detemento e será un divertimento.

Cada un dos catro paus habituais (ouros, bastos, copas e espadas) están representados por catro áreas da educación afectivo-sexual: corpo, emocións, saúde e relacións. Nalgunhas delas verás alusións ou poderás complementar coa información que aparece máis detallada nos folletos informativos que acompañan as cartas, con diferentes contidos, explicacións e recursos sobre a temática (estarán nas imaxes sinaladas con \* ou superíndices<sup>0</sup>) que che levarán aos contidos informativos dos folletos.

***Idade recomendada do xogo: de 12 a 99 anos***